

CONVOCATORIA	CL2024M
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DE A RAMA TRIBUTARIA, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA E INTEGRADAS NO GRUPO C1 (CL2024M) – QUENDA LIBRE
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	6/03/2025

1. De conformidade co artigo 18 da Constitución Española, sinale a resposta correcta:

- a) O domicilio e o lugar de traballo son inviolables
- b) Garántese o segredo das comunicacións, salvo resolución xudicial
- c) Garántese o segredo das comunicacións, salvo resolución administrativa.
- d) Garántese o dereito a calumniar a outros en defensa propia para protexer o dereito á honra do individuo.

2. Segundo o art. 101 da Constitución, o goberno cesa:

- a) Tras a celebración de eleccións xerais, por renuncia ao completo do Consello de Ministros e por dimisión ou falecemento do seu Presidente
- b) Tras a celebración de eleccións xerais, nos casos de dimisión do presidente previstos na Lei Orgánica do Goberno e por expiración do seu cargo
- c) Tras a celebración de eleccións xerais, nos casos de perda da confianza parlamentaria previstos na Constitución, ou por dimisión ou falecemento do seu Presidente
- d) Tras a celebración de eleccións xerais, por problemas sobrevindos que impidan o exercicio do seu cargo ou por dimisión ou falecemento do seu presidente

3. Sinala a opción incorrecta, segundo o establecido no artigo 117 da Constitución:

- a) A xustiza emana do pobo
- b) O principio de diversidade xurisdicional é a base da organización e funcionamento dos Tribunais
- c) Os Xuíces non poderán ser xubilados senón por algunha das causas e coas garantías previstas na lei
- d) O exercicio da potestade xurisdicional corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais determinados polas leis

4. Segundo o establecido no art. 149 da Constitución Española, o Estado non ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias:

- a) Defensa e Forzas Armadas
- b) As bases do réxime xurídico das Administracións públicas e do réxime estatutario dos seus funcionarios
- c) A pesca en augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a caza e a pesca fluvial
- d) Nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo

5. Segundo o art. 59 da Constitución Española, sinala a opción incorrecta:

- a) Se o Rei se inhabilitase para o exercicio da súa autoridade e a imposibilidade fose recoñecida polas Cortes Xerais, entrará a exercer inmediatamente a Rexencia o Príncipe herdeiro da Coroa, se fose maior de idade.
- b) Se non houberse ningunha persoa a quen corresponda a Rexencia, esta será nomeada polas Cortes Xerais, e componse dunha, dúas ou tres persoas
- c) Para exercer a Rexencia é preciso ser español e maior de idade
- d) A Rexencia exercerase por mandato constitucional e sempre en nome do Rey

6. Segundo o establecido no art. 16 da Constitución Española, sinala a opción correcta:

- a) Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades
- b) Garántese a liberdade de pensamento, creación e opinión dos individuos e das comunidades
- c) As confesións relixiosas terán carácter estatal
- d) Os individuos poderán ser obrigados a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas nos casos de estado de alarma, excepción e sitio

7. Segundo o establecido no Capítulo I do Título III da Constitución Española, sinala a opción correcta:

- a) As Cortes Xerais son inviolables
- b) O Congreso componse dun mínimo de 350 e un máximo de 400 Deputados
- c) As Cortes Xerais exercen a potestade lexislativa do Estado e das Comunidades Autónomas, aproban os seus Orzamentos, controlan a acción do Goberno e teñen as demais competencias que lles atribúa a Constitución
- d) Os membros das Cortes Xerais estarán ligados por mandato imperativo

8. Segundo o establecido no artigo 2 da Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, é unha función propia do Tribunal de Contas a seguinte:

- a) Responder dos avais contraídos
- b) A potestade lexislativa en materia de responsabilidade contable das entidades locais
- c) Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias
- d) A fiscalización externa, permanente e consuntiva da actividade económico-financeira do sector público

9. Segundo o establecido no artigo 72 da Lei 40/2015, os Delegados do Goberno nas Comunidades Autónomas:

- a) Son órganos directivos con rango de Director Xeneral
- b) Dependén organicamente do Presidente do Goberno e funcionalmente do Ministerio competente por razón da materia
- c) serán nomeados e separados por Lei da Comunidade Autónoma na que vaian prestar servizos
- d) Representan ao Goberno das Comunidades Autónomas

10. Segundo o artigo 14 do Tratado da Unión Europea, o Parlamento Europeo:

- a) Nunca exercerá funcións lexislativas
- b) Nunca exercerá funcións consultivas
- c) Nunca exercerá funcións de control político
- d) Estará composto por representantes dos cidadáns da Unión

11. De conformidade co artigo 16 do Tratado da Unión Europea, o Consello:

- a) Exercerá conxuntamente co Parlamento Europeo a función lexislativa e a función orzamentaria
- b) Exercerá conxuntamente co Banco Central Europeo a función orzamentaria.
- c) Reúnese en sesión secreta, a celebrar cada mes nun país distinto da Unión Europea.
- d) Está composto por un representante de cada Estado membro, que será elixido por sufraxio universal entre os nacionais do devandito estado.

12. Segundo o establecido polo art. 148 da Constitución Española, as Comunidades Autónomas non poden asumir competencias nas seguintes materias:

- a) Os montes e aproveitamentos forestais
- b) Ordenación do territorio, urbanismo e vivenda
- c) Asistencia social
- d) Réxime de produción, comercio, tenencia e uso de armas e explosivos.

13. Segundo o art. 5.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de:

- a) Cinco días
- b) Dez días
- c) Quince días
- d) Vinte días

14. Segundo o art. 8 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala a correcta:

- a) Se durante a ordenación dun procedemento que non tivese publicidade, advírtese a existencia de persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite, comunicárase ás devanditas persoas a tramitación do procedemento
- b) Se durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade, advírtese a existencia de persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite, comunicárase ás devanditas persoas a tramitación do procedemento
- c) Se durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade e concorrencia, advírtese a existencia de persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite, comunicárase ás devanditas persoas a tramitación do procedemento
- d) Se durante o trámite de audiencia dun procedemento que non tivese publicidade, advírtese a existencia de persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite, comunicárase ás devanditas persoas a tramitación do procedemento

15. Segundo o art. 9.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sobre os sistemas de identificación dos interesados nun procedemento, sinala a correcta:

- a) En todo caso, a aceptación dalgún destes sistemas pola Administración Xeral do Estado servirá para acreditar fronte a todas as Administracións Públicas, salvo proba en contrario, a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo
- b) En todo caso, a aceptación dalgún destes sistemas pola Administración Xeral do Estado e da Administración Autonómica servirá para acreditar fronte a todas as Administracións Públicas, salvo proba en contrario, a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo
- c) En todo caso, a aceptación de todos estes sistemas pola Administración Xeral do Estado servirá para acreditar fronte a todas as Administracións Públicas, salvo proba en contrario, a identificación e sinatura electrónica dos interesados no procedemento administrativo
- d) En todo caso, a aceptación dalgún destes sistemas pola Administración Autonómica servirá para acreditar fronte a todas as Administracións Públicas, salvo proba en contrario, a identificación electrónica dos interesados no procedemento administrativo

16. Segundo o art. 11.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas só requirirán aos interesados o uso obrigatorio de firma para, sinala a incorrecta:

- a) Interpoñer recursos, desistir de accións, renunciar a dereitos
- b) Presentar declaracións responsables ou comunicacións
- c) Formular solicitudes
- d) Todas son correctas

17. Segundo o art. 40.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala a correcta:

a) As notificacións que omitisen algún dos demais requisitos previstos no apartado anterior, producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda

b) As notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen todos os requisitos previstos no apartado anterior, producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda

c) Os intentos de notificación que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen algún dos demais requisitos previstos no apartado anterior, producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda

d) As notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen algún dos demais requisitos previstos no apartado anterior, producirán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda

18. Segundo o art. 43.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sobre a práctica de notificacións a través de medios electrónicos, para os efectos previstos neste artigo, sinala a correcta:

a) Enténdese por comparecencia na sede electrónica, o acceso polo interesado ou o seu representante debidamente identificado ao contido da notificación

b) Enténdese por comparecencia na sede electrónica, o intento de acceso polo interesado ou o seu representante debidamente identificado ao contido da notificación

c) Enténdese por comparecencia na sede electrónica, o acceso polo interesado ou o seu representante sen necesidade de identificación ao contido da notificación

d) Enténdese por comparecencia na sede electrónica, o acceso polo interesado ou o seu representante debidamente identificado ao aviso de correo electrónico

19. O art. 47.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas enumera unha serie de casos que provocan a nulidade de pleno dereito dos actos das Administracións Públicas, sinala a incorrecta:

- a) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
- b) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados
- c) Os que sexan constitutivos de infracción administrativa ou se diten como consecuencia desta
- d) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición

20. Segundo o art. 77.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a Administración non teña por certos os feitos alegados polos interesados ou a natureza do procedemento esíxao, o instrutor do mesmo acordará a apertura dun período de proba por un prazo:

- a) Non superior a 20 días nin inferior a 10 días
- b) Non superior a 30 días nin inferior a 15 días
- c) Non superior a 30 días nin inferior a 5 días
- d) Ningunha é correcta

21. Segundo o art. 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñerán fin ou termo ao procedemento:

- a) A conciliación
- b) A prescrición
- c) A imposibilidade material de continuo por causas sobrevindas
- d) Ningunha é correcta

22. Segundo o art. 95.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala a correcta:

- a) Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que, transcorridos dez días, producirase a caducidade do procedemento
- b) Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que, transcorridos dous meses, producirase a caducidade do procedemento
- c) Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que, transcorridos quince días, producirase a caducidade do procedemento
- d) Ningunha é correcta

23. Segundo o art. 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala a correcta:

- a) Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos
- b) Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos
- c) Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son inhábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos
- d) Sempre que por regulamento non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos

24. Segundo o art. 35.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, sinala a incorrecta:

- a) Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos
- b) Os actos que acorden a terminación do procedemento pola imposibilidade material de continualo por resolución, así como os que acorden a desistencia pola Administración en procedementos iniciados de oficio
- c) Os actos que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos
- d) Todas son correctas

25. Segundo o artigo 119 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala a resposta que consideres correcta en relación á resolución dun recurso:

- a) Será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, podendo chegar a agravarse a súa situación inicial se da investigación do asunto así se deriva
- b) O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma, ou de fondo, expoña o procedemento, sempre que fosen alegadas polos interesados
- c) Cando existindo vicio de forma, non se estime procedente resolver sobre o fondo ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido
- d) Non pode declarar a súa inadmisión

26. De conformidade co disposto no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o recurso extraordinario de revisión, interpoñerase cando ao ditalos incorreuse en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente no prazo de :

- a) 3 meses seguintes á data da notificación da resolución impugnada
- b) 4 anos seguintes á data da notificación da resolución impugnada
- c) 6 meses seguintes á data da notificación da resolución impugnada
- d) 1 mes seguinte á data da notificación da resolución impugnada

27. Tendo en conta o disposto no artigo 33 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das ases do réxime local, sinala a resposta que consideres correcta sobre cal das seguintes atribucións non pode delegar o Pleno da Deputación de Pontevedra:

- a) A aprobación do cadro de persoal
- b) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público
- c) A declaración de lesividade dos actos da Deputación
- d) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria

28. De conformidade co disposto no artigo 34.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sinala a resposta que consideres correcta en relación a quen lle corresponde o nomeamento dos vicepresidentes nas Deputacións:

- a) Á persoa que ostente o cargo de Presidente/a da Corporación
- b) Á Xunta de Goberno
- c) Aos grupos políticos
- d) Ao Pleno

29. De acordo con o establecido no artigo 164 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o orzamento xeral dunha entidade local estará integrado por:

- a) Os estados de gastos e os estados de ingresos
- b) O orzamento da propia entidade, os dos organismos autónomos dependentes desta e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local.
- c) Os estados de gastos, os estados de ingresos e o informe de cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria
- d) Os estados de gastos, os estados de ingresos, as bases de execución do orzamento e o informe de cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria

30. De conformidade co disposto nos artigos 169 e 177 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o prazo de exposición ao público dun expediente de crédito extraordinario aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación de Pontevedra é de:

- a) 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública en Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- b) 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública en Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- c) 30 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública en Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- d) 1 mes a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio de exposición pública en Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

31. Tendo en conta o previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 17 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, sinala as subescalas en que se divide a escala dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional:

- a) Secretaría e Intervención
- b) Intervención e Tesourería
- c) Secretaria, Intervención-Tesourería e Secretaría-Intervención
- d) Intervención-Secretaría e Tesourería

32. Segundo o disposto no artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os servizos prestados no segundo posto ou actividade:

- a) Non se computarán a efectos de trienios, pero si a efectos de dereitos pasivos
- b) Non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, aínda que será posible realizar a cotización polas retribucións percibidas conxuntamente.
- c) Non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización a este último efecto
- d) Non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo escoller o funcionario por cal dos postos efectuar a cotización.

33. De acordo con o artigo 98 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a suspensión provisional como medida cautelar na tramitación dun expediente disciplinario non poderá exceder:

- a) De 6 meses, salvo en caso de paralización do procedemento imputable ao interesado
- b) De 12 meses, salvo en caso de paralización do procedemento imputable ao interesado
- c) De 3 meses, salvo en caso de paralización do procedemento imputable ao interesado
- d) De 9 meses, salvo en caso de paralización do procedemento imputable ao interesado

34. O artigo 6 da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, indica que cando se pretenda fundar o tratamento dos datos no consentimento do afectado para unha pluralidade de finalidades será preciso:

- a) Que conste de maneira singular que para menores de idade unicamente poderá fundarse o devandito consentimento cando sexa maior de dezaseis anos
- b) Que conste de maneira xeral que o devandito consentimento outórgase para todas elas
- c) Non é posible realizar un consentimento para unha pluralidade de finalidades
- d) Que conste de maneira específica e inequívoca que o devandito consentimento outórgase para todas elas

35. De conformidade co artigo 46 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, sinale a resposta que consideres incorrecta en relación a que o diagnóstico negociado que se elabora de forma previa aos plans de igualdade conterà, polo menos, as seguintes materias:

- a) Prevención do acoso sexual e por razón de sexo
- b) Prevención laboral
- c) Clasificación profesional
- d) Exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral

36. De conformidade co previsto no artigo 53 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, sinala a resposta que consideres correcta en relación aos documentos presentados e que non se puideron devolver ao interesado no momento da súa presentación conservaranse á súa disposición para que poida recollelos durante:

- a) Un ano os documentos en soporte papel e seis meses os documentos presentados en formato electrónico
- b) Seis meses tanto para os documentos en soporte papel como en formato electrónico
- c) Un ano tanto para os documentos en soporte papel como en formato electrónico
- d) Seis meses os documentos en soporte papel e un ano os documentos presentados en formato electrónico

37. Tendo en conta o previsto nos artigos 7 e 11 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, os criterios de suxeición ou puntos de conexión son:

- a) Residencia ou fonte, segundo estableza a Lei
- b) Non se atenderá á residencia nos impostos persoais
- c) Residencia e fonte en impostos reais e territorialidade en impostos persoais, conforme ao que estableza a lei reguladora do tributo
- d) Residencia, fonte, territorialidade ou nacionalidade, segundo estableza a Lei ou Convenio para evitar a Dobre Imposición (CDI) aplicables

38. Segundo o art. 36.2 da Lei Xeral Tributaria, o contribuínte:

- a) Equivale ao responsable solidario nos impostos indirectos
- b) É o suxeito pasivo que realiza o feito imponible
- c) É o suxeito pasivo substituto do responsable subsidiario
- d) É o sucesor de persoas físicas e non é propiamente un obrigado tributario

39. Segundo o art. 41 da Lei Xeral Tributaria, o responsable tributario:

- a) Sempre é solidario
- b) É un obrigado tributario
- c) Debe satisfacer a débeda tributaria, só cando a Administración tratase de cobrala por todos os medios (incluíndo a vía de constrinximento) ao debedor principal
- d) É o suxeito pasivo cando a Lei así o establece

40. Segundo o art. 35.7 da Lei Xeral Tributaria a solidariedade tributaria significa que:

- a) A Administración tributaria só pode dirixirse ao responsable cando expirase o prazo regulamentario para o pago previsto para o debedor principal
- b) Cando concorren varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto de feito dunha obrigación, a Administración tributaria pode dirixirse a calquera deles e esixirlle o pago da totalidade da débeda
- c) Non é a regra xeral no ámbito tributario, onde rexe, por defecto, a mancomunidade
- d) A Administración tributaria só pode dirixirse ao substituto cando expirase o prazo regulamentario para o pago previsto para o debedor principal

41. Tendo en conta o previsto no artigo 2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cal dos seguintes non constitúe un recurso para un Concello?:

- a) O produto das operacións de crédito
- b) O produto das multas e sancións no ámbito das súas competencias
- c) A participación nos ingresos das Provincias
- d) As subvencións

42. Conforme ao artigo 16 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais as ordenanzas fiscais conterán, polo menos:

- a) A determinación do feito impositivo, suxeito pasivo, responsables, exencións, reducións e bonificacións, base impositiva e liquidable, tipo de gravame ou cota tributaria, período impositivo e devindicación
- b) Os réximes de declaración e de ingreso
- c) As datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

43. Conforme ao previsto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quen debe publicar os anuncios de exposición dos acordos de aprobación provisional das Ordenanzas Fiscais nun diario dos de maior difusión da provincia, ou da comunidade autónoma uniprovincial?

- a) As Entidades locais de poboación superior a 15.000 habitantes
- b) As deputacións provinciais, os órganos de goberno das entidades supramunicipais e os concellos de poboación superior a 10.000 habitantes
- c) As deputacións provinciais, os órganos de goberno das entidades supramunicipais e os concellos de poboación superior a 5.000 habitantes
- d) As deputacións provinciais, concellos, cabidos insulares e, en todo caso, as demais entidades locais cando a súa poboación sexa superior a 20.000 habitantes

44. Consonte ao previsto artigo 161.1.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e o artigo 69 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, o período executivo para as débedas determinadas mediante a autoliquidación do contribuínte comeza:

- a) Ao final do período voluntario que establece a norma, a pesar de non presentarse a declaración no tempo establecido na norma
- b) O día seguinte ao da presentación da autoliquidación se se fai extemporaneamente pois supón a existencia dunha débeda líquida, vencida e esixible
- c) Ao final do período voluntario que establece a norma, a pesar de non presentarse a autoliquidación en tempo
- d) A partir da notificación do correspondente providencia de constrinximento

45. Conforme ao artigo 88.6 da Lei Xeral Tributaria, ante unha consulta formulada por un obrigado á Administración, en que prazo debe esta resolver a consulta?

- a) 30 días hábiles desde a súa presentación
- b) 3 meses desde a súa presentación
- c) 6 meses desde a súa presentación
- d) 4 anos por ser o prazo de prescrición en materia tributaria

46. Tendo en conta o disposto no artigo 169 da Lei Xeral Tributaria, o embargo dos bens do debedor:

- a) Realízase a través dun acto de recadación denominado providencia de constrinximento
- b) Realízase tendo en conta un principio de proporcionalidade dado que se pretende causar o menor prexuízo posible ao debedor e axustar o embargo á contía debida
- c) Realízase sen ter en conta a facilidade de alleamento inmediato do ben debido a que se pretende adxudicar os bens á Administración tributaria
- d) Realízase considerando un principio de fiscalizade directa sobre o patrimonio do que é titular o suxeito pasivo

47. Tendo en conta o disposto no artigo 101 da Lei Xeral Tributaria, cales das seguintes liquidacións tributarias terán a consideración de definitivas?

- a) As practicadas no procedemento inspector cando procedan distintas propostas de liquidación en relación cunha mesma obrigaón tributaria
- b) As practicadas no procedemento inspector previa investigación da totalidade dos elementos da obrigaón tributaria
- c) Todas as practicadas nos procedementos de xestión tributaria
- d) As practicadas no procedemento inspector cando algún dos elementos da obrigaón tributaria se determine en función dos correspondentes a outras obrigaóns que non fosen comprobadas

48. Tendo en conta o preceptuado nos artigos 71-73 da Lei Xeral Tributaria, a compensación tributaria:

- a) Só pode aplicarse a instancia do obrigado tributario
- b) Debe ser acordada de oficio pola Administración tributaria cando as débedas se atopen en período executivo
- c) Unicamente se aplica cando o crédito pendente e a débeda contraída teñen idéntica contía
- d) Pode interromperse pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase

49. Segundo o art. 64 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

- a) Nos supostos de cambio na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible do IBI, os bens inmoables obxecto de ditos dereitos en ningún caso quedarán afectos ó pago da cota tributaria
- b) Nunha comunidade de bens os cotitulares responden independentemente da cuota do IBI
- c) De non figurar inscritos no Catastro inmobiliario os cotitulares dunha comunidade de bens, a responsabilidade non se lle poderá esixir a cada un deles
- d) Nos supostos de cambio na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible do IBI, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente ós comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo IBI asociadas ó inmoable que se transmite

50. Están exentos do Imposto sobre Actividades Económicas:

- a) As persoas físicas e xurídicas que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 2.000.000 euros
- b) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social
- c) Os centros de investigación privados sempre que carezan de ánimo de lucro
- d) Tódalas respostas anteriores son correctas

51. Segundo o art. 105 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, está exento do IIVTNU:

- a) Os bens rústicos a efectos do IBI
- b) A constitución e transmisión do dereito de servidume
- c) A transmisión de bens integrantes do conxunto arqueolóxico de interese nacional
- d) Tódalas respostas anteriores son correctas

52. De conformidade co art. 61 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non están suxeitos ó IBI:

- a) Bens comunais e montes veciñais en man común
- b) Bens da Igrexa
- c) Bens de dominio público marítimo terrestre e hidráulico de aproveitamento público e gratuito
- d) Tódalas respostas anteriores son correctas

53. As Entidades Locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular por:

- a) Colocación de tuberías, fíos condutores e cables en postes ou en galerías de titularidade privada
- b) Limpeza da vía pública
- c) Voz pública
- d) Tódalas respostas anteriores son correctas

54. Segundo o art. 108.1 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o tipo de gravame do IIVTNU será o que fixe cada Concello, sen que poida exceder:

- a) Do 40%
- b) Do 4%
- c) Do 35%
- d) Do 30%

55. Segundo o art. 209 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o procedemento sancionador en materia tributaria iniciárase:

- a) De oficio ou a instancia de parte
- b) Sempre de oficio, mediante a notificación do acordo do órgano competente
- c) Sempre de oficio, mediante a notificación da proposta de resolución do órgano competente
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

56. O R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, prevé na regulación do ICIO unha bonificación referente ás obras en vivendas de protección oficial:

- a) Obrigatoria de entre o 50 e o 90%
- b) Obrigatoria de ata o 50%
- c) Potestativa de ata o 50%
- d) Potestativa de ata o 90%

57. En relación ó IAE, sobre as cuotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase en todo caso un coeficiente de ponderación. Para un importe neto da cifra de negocios de 20.000.000 euros, corresponderíalle aplicar un coeficiente do:

- a) 1,29
- b) 1,30
- c) 1,32
- d) 1,33

58. O imposto de IVTM esíxese en relación cun cadro de tarifas que establece que:

- a) Os turismos tributarán por cabalos fiscais, os autobuses e camións por carga útil, os tractores e os ciclomotores por centímetros cúbicos
- b) Os turismos e tractores tributarán por caballos fiscais, os autobuses por prazas, os camións por carga útil e os ciclomotores por centímetros cúbicos
- c) Os turismos e autobuses tributarán por cabalos fiscais, os camións por carga útil, os tractores e ciclomotores por centímetros cúbicos
- d) Os turismos tributarán por cabalos fiscais, os camións e tractores por carga útil e os ciclomotores por centímetros cúbicos

59. Sinala a afirmación correcta en relación ós prezos públicos:

- a) Os acordos de establecemento deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifestó o valor de mercado ou a previsible cobertura do seu custo
- b) Non son esixibles en réxime de autoliquidación
- c) Os prezos públicos non son tributos
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

60. Segundo el art. 18 do R.D. Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, o procedemento de subsanación de discrepancias:

- a) Iniciarase de oficio polo acordo do órgano competente ou a petición razoada doutro órgano e comunicarase ós interesados, concedéndolles un prazo de 10 días para que formulen as alegaciones que estimen convenientes
- b) A resolución que se dicte terá efectividade desde o día no que o Catastro tivera constancia documentada da discrepancia
- c) Iniciarase de oficio polo acordo do órgano competente e comunicarase ós interesados, concedéndolles un prazo de 20 días para que formulen as alegacions que estimen convenientes
- d) A resolución que se dite terá efectividade desde o día seguinte á data na que o Catastro tivera constancia documentada da discrepancia

PREGUNTAS DE RESERVA

61. De conformidade co disposto no art. 159 da Constitución Española:

- a) Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de cinco anos
- b) O Tribunal Constitucional componse de 12 membros nomeados polo Presidente do Goberno
- c) O Tribunal Constitucional componse de 12 membros nomeados polo Rei
- d) Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de seis anos

62. Segundo o art. 4.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte
- b) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais e non colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva
- c) Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses ilexítimos individuais ou colectivos
- d) Todas son correctas

63. Conforme sinala o artigo 167 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a escala de administración xeral, na que se integran os funcionarios de carreira da administración local que non teñan habilitación de carácter nacional, divídese en .:

- a) Catro subescalas: Técnica, Administrativa, Auxiliar e Subalterna
- b) Tres subescalas: Técnica superior, Técnica media e Auxiliar
- c) Cinco subescalas: Técnica, De xestión, Administrativa, Auxiliar e Subalterna
- d) Catro subescalas: Técnica superior, Técnica media, Auxiliar e Oficios

64. Segundo o art. 62 da Lei Xeral Tributaria en período voluntario, o prazo para o pago dos tributos será:

- a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo de pago irá desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días uno e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, con independencia de que este sexa hábil ou inhábil
- c) En débedas procedentes de autoliquidacións, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior
- d) As respostas b) e c) son correctas

65. Segundo o art. 81 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non está suxeita ó IAE:

- a) A venda de produtos que se reciben en pago de traballos persoais
- b) A exposición de artigos para regalo dos clientes
- c) A venda de artigos para regalos
- d) As respostas a) e b) son correctas

CONVOCATORIA	CL2024M
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DA RAMA TRIBUTARIA, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA E INTEGRADAS NO GRUPO C1 (CL2024M) – QUENDA LIBRE
TIPO	NOVAS RESPONSTAS CORREXIDAS DO PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	13/03/2025

Como consecuencia das reclamacións presentadas durante o prazo concedido ao efecto, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir tres prazas de administrativo/a da rama tributaria, acordou anular a pregunta número 24, sendo substituída pola primeira pregunta de reserva (Pregunta 61). Por conseguinte o novo cadro de respostas correxidas do primeiro exercicio tipo test, queda da seguinte forma:

NOVO CADRO DE RESPONSTAS CORREXIDAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)

1	B	16	D	31	C	46	B
2	C	17	D	32	C	47	B
3	B	18	A	33	A	48	B
4	C	19	C	34	D	49	D
5	B	20	D	35	B	50	B
6	A	21	C	36	B	51	B
7	A	22	D	37	D	52	C
8	D	23	B	38	B	53	C
9	B	24	ANULADA	39	B	54	D
10	D	25	C	40	B	55	B
11	A	26	B	41	C	56	C
12	D	27	A	42	D	57	C
13	B	28	A	43	B	58	B
14	B	29	B	44	B	59	C
15	A	30	B	45	C	60	D

PREGUNTAS DE RESERVA:

61	C
62	A
63	C
64	A
65	A

O secretario do tribunal

Asdo. José Antonio Gulías Varela.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.